



Proceso de selección de candidatos para mobilidades no curso 2021/2022- programa KA102- dentro do programa Erasmus+

Ábrese o prazo para solicitar prazas de mobilidades para todas aquelas persoas que, atopándose matriculadas no segundo curso dun ciclo medio ou da formación profesional básica no período académico 2021-2022, vaian realizar a FCT, ou titulasen en xuño de 2021, decembro de 2021 ou en marzo de 2022, para quen desexe realizar a mobilidade como novo/a titulado/a, así como para o profesorado destinado no centro que imparta os devanditos ciclos. Aquelas persoas que teñan interese en acceder a elas poderán presentar instancia no prazo que vai dende mañá, día 13 de xaneiro ata as 10 horas do vindeiro día 18 de xaneiro.

Aquelas persoas que queiran participar no proceso de selección deberán cubrir a instancia que poderán solicitar na secretaría do centro- e achegar a documentación que estimen pertinente para que lles sexan valorados os méritos segundo os criterios de selección fixados para este proceso que se mencionan a continuación.

Unha vez rematado o prazo de presentación de instancias, publicarase unha listaxe das persoas solicitantes -tanto admitidas como excluídas de ser o caso-. Contra esta listaxe provisoria poderase reclamar no prazo de cinco días naturais. No caso de haber reclamacións resolveranse e publicarase a continuación a listaxe definitiva.

Criterios de selección do alumnado para as mobilidades Erasmus+

A selección das persoas solicitantes farase con arranxo aos seguintes criterios, non sendo ningún deles excluín-te:

- Expediente académico. (máximo 4 puntos)
Valoración: nota media no 1º curso do ciclo formativo
 - o Se a nota media é de 6 ou menos: 2 puntos
 - o Se a nota media é de máis de 6 e menos de 8: 3 puntos
 - o Se a nota media é de 8 ou máis: 4 puntos

- Competencias lingüísticas. (idioma de traballo ou do país de acollida, máximo 4 puntos)
Valoración:
 - o Certificados oficiais dalgún idioma que se poida empregar nas mobilidades:
 - A2= 0,5 puntos
 - B1= 1 punto
 - B2= 2 puntos
 - C1= 3 puntos
 - C2= 4 puntos



- Competencias persoais e actitudes. (máximo 4 puntos)

Valoración:

Dentro deste apartado as persoas pertencentes ao equipo docente do ciclo valorarán aspectos como madureza, motivación, capacidade de traballo, traballo en equipo, autonomía e responsabilidade do alumno/a, ponderando a valoración dos distintos aspectos de 0 a 100%.

Mala (valoración ponderada inferior a 50%)= 0 puntos

Boa (valoración ponderada entre 50% e 70%)= 2 puntos

Excelente (valoración ponderada entre 71% e 100%)= 4 puntos

No caso de empate nos méritos darase prioridade, pola seguinte orde:

- o Estudantes de contornas socioeconómicas menos favorecidas
- o Estudantes que nunca participaran nas mobilidades Erasmus+

Cláusula de exclusión: por causas sobrevindas que impidan o adecuado aproveitamento da mobilidade.

Criterios de selección do profesorado para as mobilidades Erasmus+

- Antigüidade no centro. (máximo 5 puntos).

Valoración:

- o Con data de destino definitivo anterior ao curso 2010-2011: 5 puntos
- o Con data de destino definitivo comprendida entre o curso 2020-2021 e 2010-2011: 3 puntos.
- o Con data de destino provisional: 2 puntos.

- Competencias lingüísticas. (idioma de traballo ou do país de acollida (máximo 5 puntos).

Valoración:

- o Certificados oficiais dalgún idioma que se poida empregar nas mobilidades:
 - A2= 1 punto
 - B1= 2 puntos
 - B2= 3 puntos
 - C1= 4 puntos
 - C2= 5 puntos

- Competencias persoais e actitudes. (máximo 3 puntos)

Esta valoración farase tendo en conta a opinión do equipo directivo do centro sobre a idoneidade do profesorado para aplicar no centro a formación recibida.

No caso de empate nos méritos, darase prioridade, pola seguinte orde:



- Ao profesorado que nunca participara nas mobilidades do Programa Erasmus+.
- Por sorteo.

Ao remate do proceso publicarase unha listaxe das persoas presentadas coa valoración obtida polas mesmas tendo en conta os criterios anteriormente reflectidos. No caso de que presenten a súa solicitude un número de persoas superior ao de prazas das que dispón o centro resultarán adxudicatarias das mesmas aquelas persoas que estean dentro do número de postos ofrecidos, quedando o resto de persoas candidatas ordenadas como suplentes por se fallase algunha das adxudicacións iniciais. Se se presentaran persoas de diferentes familias profesionais adxudicaranse as prazas respectando un reparto equitativo entre especialidades.

En Vilalba, a 12 de xaneiro de 2022

O director

Asdo.: Víctor Alfredo Peinó Díaz

